

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 03.05.2018

Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 3 de maio de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Pregunta

- 1.1 28254 (10/POC-004548)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de combater a corta ilegal de madeira e a posible chegada ao porto de Vigo de madeira de Brasil procedente de corta ilegal e os controis levados a cabo ás empresas importadoras dende o ano 2009, así como os expedientes abertos e as medidas correctoras impostas polo incumprimento do Regulamento europeo 995/10 e do Real decreto 1088/2015, do 4 de decembro, e as previsións ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 285, do 28.03.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 19449 (10/PNC-001576)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a negociación pola Xunta de Galicia co Concello da Coruña e as demais partes implicadas da revisión dos convenios portuarios do ano 2004, así como os criterios de ordenación, a forma xurídica do consorcio, o financiamento e os accesos ao porto exterior e os demais apartados contidos na proposta de protocolo trasladada polo Goberno municipal da Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 203, do 31.10.2017
- 2.4 28178 (10/PNC-002208)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para o fomento do uso da bicicleta como medio de desprazamento alternativo aos vehículos de motor co obxecto de contribuír á loita contra o cambio

climático e a mellora da saúde dos cidadáns
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 284, do 27.03.2018

- 2.5 28193 (10/PNC-002210)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para tramitar as obras de reparación e contención nas zonas da praia da Lamiña e O Codesal, no concello da Guarda, para evitar maiores prexuízos pola deterioración da liña de costa na ribeira española do esteiro do Miño e solicitar un informe técnico ao Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 284, do 27.03.2018
- 2.6 28208 (10/PNC-002213)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia referida á realización dun informe de edificacións inacabadas de toda Galicia e, a partir deste, a realización dun mapa galego de vivendas inacabadas, así como as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa dita problemática
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 284, do 27.03.2018
- 207 28429 (10/PNC-002239)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a entrega polo Goberno galego ao Concello de Carnota das obras da rede de saneamento no lugar do Pindo, así como a axilización do proxecto para a dotación desa infraestrutura ao lugar de Lariño
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018
- 2.8 29450 (10/PNC-002342)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 6 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central en relación coa eliminación con carácter prioritario polo Adif dos pasos a nivel que contén un maior tránsito de persoas e vehículos, nomeadamente na cidade de Monforte de Lemos, así como o reforzo, namentres, dos seus sistemas de seguridade para garantir un tránsito viario, ferroviario e peonil seguro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018
- 2.9 29652 (10/PNC-002364)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación

cos convenios asinados coas comunidades de montes de Vilaboa, San Xulián e Santo Tomé referidos ao desenvolvemento dun plan anual de actuación, así como co estado de abandono no que se atopa o parque forestal de Castiñeiras

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Raúl Fernández Fernández	S
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 03.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Pregunta

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 03.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 28254(10/POC-004548)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilçn Lorenzo, Patricia e 3 mçis

Sobre a opini+n do Goberno galego referida ç necesidade de combater a corta ilegal de madeira e a posible chegada ao porto de Vigo de madeira de Brasil procedente de corta ilegal e os controis levados a cabo çs empresas importadoras dende o ano 2009, asò como os expedientes abertos e as medidas correctoras impostas polo incumprimento do Regulamento europeo 995/10 e do Real decreto 1088/2015, do 4 de decembro, e as previsi+ns ao respecto

Publicación da iniciativa, 285, 28.03.2018



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Algunhas das consecuencias da tala ilegal de madeira son as ameazas ás poboacións indíxenas, a degradación dos bosques, a perda de biodiversidade e o agravamento do cambio climático.

Nestes días tivemos noticia de que GREENPEACE ten comunicado ao Goberno galego que o Porto de Vigo podería ter recibido madeira procedente de tala ilegal de Brasil. Segundo a organización ecoloxista, a finais do pasado ano a lo menos un barco con destino Vigo cargou madeira ilegal en Paranagua (Brasil) a través da empresa “Madeiras Cedroarana” e resulta que esta empresa madeireira está directamente relacionada coa masacre de Colniza (onde 9 persoas foron asasinadas o 20 de abril de 2017), sendo multada reiteradamente pola máxima autoridade ambiental de Brasil por comerciar con madeira ilegal. Polo visto, o axente internacional que realizou a operación comercial é a empresa “Global Gold Forest Lda (GWP)”, representada en España por “Atlantic Timber Agency”, as dúas con sede postal en Marín (Pontevedra).

Cómpre lembrar que está en vigor o Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello, polo que se establecen as obrigas dos axentes que comercializan madeira e os seus produtos, máis coñecido como Regulamento EUTR, segundo o que as empresas están obrigadas a dispoñer dun procedemento interno que analice e minimize os riscos de comerciar con madeira de orixe ilegal. O certo é que España está entre os países peor valorados pola Comisión Europea dos 28 membros da UE, empatada con Luxemburgo e Malta e tendo só por debaixo a Polonia e Hungría. De feito, houbo que agardar ata 2015 para que o Goberno do Estado aprobara a aplicación do Regulamento EUTR



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

mediante o Real decreto 1088/2015, do 4 de decembro, para asegurar a legalidade da comercialización de madeira e dos seus produtos. E precisamente pola falla de información que deberían aportar as autoridades das comunidades autónomas, di GREENPEACE que se descoñecen os controis xa feitos, os expedientes abertos ou as medidas correctoras impostas polo incumprimento do Regulamento EUTR.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comparte o Goberno galego que hai que combater a tala ilegal de madeira?
2. Que ten que dicir o Goberno sobre o feito comunicado pola organización ecoloxista GREENPEACE sobre que o Porto de Vigo podería ter recibido madeira procedente de tala ilegal de Brasil?
3. Ten comprobado o Goberno que as empresas importadoras de madeira dispoñen dun procedemento interno para analizar e minimizar os riscos de comerciar con madeira de orixe ilegal?
4. Cantos controis a estas empresas ten feito o Goberno dende o ano 2009 ata o día de hoxe?
5. Cantos expedientes abriu o Goberno e cantas medidas correctoras impuxo dende o ano 2009 ata o día de hoxe polo incumprimento do Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello, e o Real decreto 1088/2015, de 4 de decembro?
6. Vai establecer o Goberno un calendario de controis ás empresas importadoras de madeira?
7. Vai adoptar medidas correctivas e, no seu caso, sancionadoras no suposto de incumprimento das normas antes mencionadas?

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 13:12
Nº Rexistro: 28254
Data envío: 21/03/2018 13:12:33.447



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/03/2018 13:05:37

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/03/2018 13:05:45

Raúl Fernández Fernández na data 21/03/2018 13:05:51

María Luisa Pierres López na data 21/03/2018 13:05:56

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 03.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 03.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 19449(10/PNC-001576)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a negociación pola Xunta de Galicia co Concello da Coruña e as demais partes implicadas da revisión dos convenios portuarios do ano 2004, así como os criterios de ordenación, a forma xurídica do consorcio, o financiamento e os accesos ao porto exterior e os demais apartados contidos na proposta de protocolo trasladada polo Goberno municipal da Coruña

Publicación da iniciativa, 203, 31.10.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

PRIMEIRO.- A loita que a cidadanía da Coruña, as entidades cívicas e o Goberno municipal vén sostendo estes anos, reclamando a capacidade de decidir democraticamente sobre a ordenación do borde litoral da cidade, desde os terreos da Solaina/ Hotel Finisterre ata os peiraos de Calvo Sotelo/Batería e San Diego, comeza a obter resultados significativos, cal é o recoñecemento pola Xunta e Portos do Estado/Fomento da inviabilidade e insostibilidade, urbanística e económica, da execución dos convenios do 2004 e do propio PXOM da Coruña do 2013.

Necesidade de revisión dos Convenios e do PXOM no borde litoral-portuario que hoxe ten acadado consenso entre todas as partes, o cal é un suceso claro tanto da cidadanía como do Goberno municipal da Coruña, así como de todas as forzas políticas e entidades que viñan demandando tal revisión desde hai anos.

Fronte á idea inicial e persistente do Estado, a través de Portos do Estado e da Autoridade Portuaria da Coruña (APAC), como da Xunta de Galicia, de executar as determinacións dos Convenios do 2004 e da ordenación prevista no PXOM mediante a enaxenación, previa desafectación, de terreos portuarios para, xunto á venta por poxa dos terreos patrimoniais (desafectados no 1999) dos terreos da



Solaina/Finisterre, financiar a débeda xerada pola construción do porto exterior de Langosteira, a realidade é que tanto Portos do Estado como Xunta teñen recoñecido a necesidade de desistir de tal estratexia global.

A revisión dos convenios do 2004, a modificación do PXOM 2013 e a aposta por borde litoral público en terreos portuarios, ou que o foron no seu pasado recente, así como a garantía do interese social asociado á permanencia na titularidade pública dos mesmos, son hoxe demandas amplamente compartidas pola cidadanía coruñesa, pola Corporación municipal, polo goberno e agora tamén, aínda que non totalmente, pola Xunta e Portos do Estado.

SEGUNDO.- Non obstante o anterior, observamos como o PP, por medio da Xunta e Portos do Estado, teñen amosado publicamente a súa intención de acordar unilateralmente, e con marxinación manifesta do concello da Coruña, as bases conveniadas e criterios de ordenación do borde litoral portuario. Así se evidenciou, e así se trasladou á opinión pública, no pasado encontro entre o presidente da Xunta e o presidente de Portos do estado do pasado 10 de outubro.

Preténdese, por simple finalidade e intencionalidade políticas, deixar ao Concello da Coruña, e polo tanto á cidadanía coruñesa, sen capacidade de decisión e mesmo de participación sobre a futura ordenación dunha parte fundamental do seu territorio, o borde litoral portuario. E preténdese facelo sen a máis mínima transparencia, negociando e acordando sobre a cidade da Coruña sen participación da administración representativa e do seu goberno.

TERCEIRO.- O Goberno local da Coruña trasladoulle, tanto a Portos do Estado como á Xunta de Galicia, a súa proposta, detallada nun Protocolo no que, amais de realizar unha diagnose atinada da situación e antecedentes, se explicitan tanto os criterios xerais de ordenación como a fórmula xurídica de cooperación



institucional e xestión compartida (Consortio), así como as medidas de acompañamento e derivadas de ditos criterios (financiamento, posta en valor do porto exterior coa imprescindible conexión ferroviaria, etc). E todo elo co ánimo de abrir un proceso de negociación sobre as demandas amplamente compartidas pola cidadanía coruñesa, como se puxo de manifesto na ampla manifestación do pasado 7 de maio, e nos propios, acordos plenarios da Corporación Municipal da Coruña.

Uns criterios xerais de ordenación que se asenten na permanencia na titularidade pública dos bens portuarios (dos existentes e dos que foron desafectados no 1999), na integración porto-cidade sobre a base do interese público asociado á posta en valor do uso cidadá (equipamentos e espazos libres/zonas verdes en Batería/Calvo Sotelo, e da economía produtiva en San Diego asociada aos usos portuarios e complementarios.

Unhas medidas de financiamento da APAC e de garantía da conexión ferroviaria co porto exterior (imprescindible, e que con DIA aprobada, non conta con financiamento) que pasen pola asunción polo Estado da débeda derivada do financiamento do porto exterior e da conexión ferroviaria, e todo elo co fundamento do novo marco comunitario de financiamento e réxime dos portos e de réxime de axudas, Regulamento (UE) 2017/352 do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de febreiro de 2017, e Regulamento (UE) 2017/1084 da Comisión, de 14 de xuño, respectivamente.

Desgraciadamente, na xuntanza celebrada no Pazo de María Pita o pasado 24 de outubro, Portos do Estado negouse sequera a valorar ou negociar dito Protocolo.



CUARTO.- Ben deberían Xunta de Galicia e Portos do Estado/Ministerio de Fomento prestarse a negociar e acordar sobre a base do Protocolo formulado polo goberno local da Coruña.

A pretensión de marxinação do goberno local tamén o é da cidadanía coruñesa. A marxinação do Goberno local tamén inclúe á da propia Corporación municipal.

Mal camiño é que para finalidades políticas, inconfesadas e inconfesables, se maquine para deixar á marxe ao goberno lexítimo da cidade da Coruña respecto do futuro do borde litoral portuario e da propia fachada marítima da cidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Primeiro- O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a negociar, co Concello da Coruña e as demais partes, a revisión dos convenios portuarios do 2004, así como os criterios de ordenación, forma xurídica do consorcio, financiamento e accesos ao porto exterior, e demais apartados contidos na proposta de Protocolo trasladado desde o Goberno da Coruña, que debe servir como base para o obxectivo de acadar os acordos conveniados e de colaboración e cooperación institucional que concreten e definan detalladamente os obxectivos básicos contidos en tal Protocolo.

Segundo- O Parlamento acorda dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Fomento, Portos do Estado e Autoridade Portuaria da Coruña e concello de Arteixo, aos efectos de demandar de ditas partes á súa participación e colaboración, no ámbito competencial que lles corresponda, no sinalado no apartado primeiro deste acordo.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2017 16:38
Nº Rexistro: 19449
Data envío: 26/10/2017 16:38:20.835



Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García,
Portavoz S. do G.P. de En Marea.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 26/10/2017 16:33:08

Marcos Cal Ogando na data 26/10/2017 16:33:12

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 03.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 28178(10/PNC-002208)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para o fomento do uso da bicicleta como medio de desprazamento alternativo aos vehículos de motor co obxecto de contribuír á loita contra o cambio climático e a mellora da saúde dos cidadáns

Publicación da iniciativa, 284, 27.03.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 18:04
Nº Rexistro: 28178
Data envío: 19/03/2018 18:04:36.055



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**, relativa a estacionamentos para bicicletas no Parlamento de Galicia e nos edificios públicos.

Exposición de motivos

Tal e como indica o “Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia”, en fase de borrador desde o ano 2013, os modos non motorizados de transporte, é dicir aqueles que non precisan de enerxías producidas por motores senón que utilizan a enerxía humana directamente, ou a animal, como nos desprazamentos a pé, ou mediante un instrumento interposto, como a bicicleta ou os patíns, foron ata hai menos de 150 anos os máis empregados nos desprazamentos humanos e, particularmente, nos urbanos.

A mediados do século XIX, cando Madrid superara os 500.000 habitantes, Nova York, os 750.000, París, o millón, e Londres, os dous millóns, non existían medios motorizados de transporte e a inmensa maioría das viaxes internas ás cidades facíanse a pé ou mediante cabalarías. Ata 1950 os cidadáns europeos movíanse basicamente a pé ou en bicicleta para desprazarse ao traballo, á escola ou de compras.

A historia demostra, así, que os modos non motorizados puideron resolver e poderían resolver hoxe en día unha gran proporción dos desprazamentos internos ás cidades, mesmo nas máis grandes. Constitúen, polo tanto, unha alternativa real ao transporte para un amplo abano de distancias e motivos, presentando ademais



vantaxes evidentes dende o punto de vista ambiental, económico, sanitario e social.

Hoxe en Europa en torno a un 70% de todos os desprazamentos urbanos teñen unha lonxitude inferior a cinco quilómetros, mentres unha proporción próxima á metade percorren menos de 2 quilómetros. A bicicleta ou o desprazamento a pé son plenamente competitivos nestas distancias cos medios motorizados, especialmente co automóbil. Pero incluso cunha intermodalidade adecuada entre o tren e a bicicleta no eixo atlántico de alta velocidade poderíamos aspirar a cubrir desprazamentos en mobilidade laboral sen precisar un vehículo privado a motor.

A bicicleta é, estatisticamente, o medio de transporte urbano máis rápido ata os 7-8 quilómetros de distancia, mentres o camiñar o é ata os 300-500 metros, de acordo ás diversas fontes dispoñibles. Pola súa banda, para percorrer 2 quilómetros andando precísanse en torno a 20 minutos, tempo máis que suficiente para percorrer 5 quilómetros en bicicleta.

Por poñerlles un exemplo practico, desde a Concelleira de Presidencia ata este Parlamento Galego só precisan 13 minutos de agradable paseo en bicicleta ou 16 minutos no caso de que o seu destino sexa ir á estación de tren para e terminar os seus desprazamentos á Coruña, Pontevedra ou Vigo.

Segundo o “Plan Galicia Saudable 6” as enfermidades crónicas non transmisibles (entre ás que destacan pola súa incidencia a obesidade, as enfermidades cardiovasculares e a diabetes) constitúen o principal problema de saúde da poboación galega. Ademais, "o sedentarismo é a

inactividade física están entre as principais causas das enfermidades crónicas non transmisibles, polo que a promoción dunha vida activa é un dos piares sobre os que deben asentarse as estratexias e accións dirixidas á prevención e o control



destas enfermidades". Por este motivo, o Plan Galicia Saudable incorpora tamén no seu programa de "Urbanismo, medio ambiente e mobilidade para fomentar a actividade física" unha serie de medidas de fomento da mobilidade sostible.

Polo tanto o incremento da mobilidade ciclista non só beneficiosa por ser un modo rápido nos desprazamentos urbanos senón que xera beneficios desde o punto de vista da saúde, da redución da contaminación e da súa evidente contribución ao desenvolvemento sostible das nosas cidades e vilas, senón que tamén é rendible desde o punto de vista económico, tanto para as economías familiares como para as contas das administracións públicas, fundamentalmente polo aforro no mantemento de vías que a redución do tráfico a motor implica e pola promoción de novos sectores económicos, sobre todo vencellados ao turismo, que a mobilidade sostible fomenta dun xeito indubidable.

O problema fundamental para incrementar o uso da bicicleta é ter a vontade política de crear as infraestruturas, adaptar a lexislación vixente e dar as facilidades suficientes aos galegos para usar unha bicicleta nos seus desprazamentos dunha forma segura.

A maioría das medidas para permitir este tipo de mobilidade non teñen un custo excesivo se o comparamos con calquera inversión en infraestrutura para os vehículos motorizados, nin se queira é un problema de espazo.

Un dos problemas reais co que se atopan os usuarios de bicicleta é onde deixala estacionada de forma segura cando chegan ao seu destino. O custo dun amarre para dúas bicicletas é aproximadamente de 150€ e no espazo dunha única praza de estacionamento para un automóbil entran once bicicletas pero a pesar destes datos os edificios públicos, na súa inmensa maioría non contan con aparcabicis para visitantes, empregados ou usuarios dos servizos públicos.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 18:04
Nº Rexistro: 28178
Data envío: 19/03/2018 18:04:36.055



Consideramos que xa que neste 2018 no mes de Abril coincidindo co día internacional da bicicleta, e xa que neste parlamento recibiremos a visita das asociacións galegas de usuarios de bicicleta, sería moi positivo que este edificio público contase cun aparcamento de bicicletas. Non só para os visitantes destas asociacións senón tamén para darlle unha mensaxe aos galegos de que a Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia están comprometidos cunha economía baixa en carbono, que fomentamos os desprazamentos activos e que coidamos da saúde dos galegos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario En Marea presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a, dentro da potenciación dos desprazamentos alternativos aos vehículos a motor, a loita contra o cambio climático e a mellora da saúde dos cidadáns, a:

1. Que instale un aparcadoiro de bicicletas no Parlamento de Galicia.
2. Que inicie un estudio para instalar aparcadoiros de bicicletas nos edificios públicos da súa titularidade para visitantes e empregados.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 18:04
Nº Rexistro: 28178
Data envío: 19/03/2018 18:04:36.055

Marcos Cal Ogando na data 19/03/2018 13:13:37

Antón Sánchez García na data 19/03/2018 13:13:45

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 03.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 28193(10/PNC-002210)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para tramitar as obras de reparación e contención nas zonas da praia da Lamiña e O Codesal, no concello da Guarda, para evitar maiores prexuízos pola deterioración da liña de costa na ribeira española do esteiro do Miño e solicitar un informe técnico ao Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas

Publicación da iniciativa, 284, 27.03.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

En A Guarda (Pontevedra) hai problemas cada vez maiores na ribeira española no esteiro do Miño. A perda de terreo e de zona dunar son evidentes na praia da Lamiña-O Forte e na zona do Codesal, onde as mareas vivas e o temporal dos últimos días causaron unha significativa aceleración no proceso de mingua do terreo. Tanto que o propio alcalde dirixiu unha carta á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (pois todo o terreo é Rede Natura), a Costas do Estado e á Subdelegación do Goberno en Pontevedra reclamando accións urxentes, dado o acelerado deterioro da liña da costa no esteiro.

A erosión das mareas e outros fenómenos influentes no nivel do río veñen producindo unha perda notable de terreo e de zona dunar dende hai anos, mais nestas últimas semanas o retroceso do terreo na praia da Lamiña en preto de 2 metros, co consecuente derrube de numerosas árbores, aínda foi máis acusado. Neste punto existe, ademais, o risco de que a auga rompa o cordón dunar e acade a coñecida como “cova do Forte”, unha zona onde o nivel do terreo é máis baixo que a do río, polo que se vai provocar o asolagamento e a perda da barreira de dunas e de zona boscosa do Feno.

A maiores, as consecuencias da acción das correntes fluviais e a acción do mar durante estas últimas semanas tamén se poden comprobar na zona do Codesal, onde un tramo de escolleira que fora reparado por Costas do Estado en 2016 (segundo os criterios da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio mediante o uso de sacos



Grupo Parlamentario

de area e sementes para que a vexetación protexera a costa) resultou derruído.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Tramitar, de maneira inmediata e urxente, as obras de reparación e contención nas zonas da praia da Lamiña e o Codesal (no Concello de A Guarda), co obxectivo de evitar consecuencias maiores sobre o terreo e o aumento dos custes económicos que os danos polo deterioro da liña de costa que existen na ribeira española do esteiro do Miño poidan ocasionar.
2. Demandar do Goberno do Estado as mesmas obras e solicitar, de maneira inmediata, un informe técnico ao Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas (CEDEX).

Pazo do Parlamento, 19 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/03/2018 19:06:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28193
Data envío: 19/03/2018 19:11:08.430

 [Grupo Parlamentario](#)



Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/03/2018 19:06:08

Raúl Fernández Fernández na data 19/03/2018 19:06:13

María Luisa Pierres López na data 19/03/2018 19:06:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/03/2018 19:06:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 03.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 28208(10/PNC-002213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia referida á
realización dun informe de edificacións inacabadas de toda
Galicia e, a partir deste, a realización dun mapa galego de
vivendas incabadas, así como as actuacións que debe realizar
a Xunta de Galicia en relación coa dita problemática

Publicación da iniciativa, 284, 27.03.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A burbulla inmobiliaria causou unha forte crise económica arredor do ano 2008.

Esta sumada á mala xestión urbanística de varios concellos de Galicia que antepuxeron aos promotores, promovendo a concesión de licenzas sen unha planificación axeitada e en moitos casos considerando terreos urbanizables como urbanos, deixou unha herdanza de edificacións e inmobles sen rematar, moi difícil de xestionar, especialmente nos concellos máis pequenos de Galicia.

Esta mala xestión e praxe urbanística ten múltiples afectados: os veciños e veciñas das vilas que conviven con estas edificacións que son foco de abandono, sucidade ou inseguridade urbana, os propietarios e propietarias que adiantaron diñeiro e quedaron sen as vivendas, os que venderon parcelas a cambio de vivenda e quedaron sen ambas cousas, e por suposto a paisaxe urbana, que se ve altamente afectada.

Os medios de prensa recollen como a xeografía galega está repleta destas esqueletos de edificacións a medio rematar, moitas en mera fase estrutural, e que se poden estimar nunhas 50.000 unidades de vivenda.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

E fálase de estimacións porque non existe unha estatística censal nin a nivel concellos nin autonómica que poida confirmar este dato.

Múltiples son as circunstancias que dificultan a finalización e posta no mercado destas vivendas.

Por un lado moitas, a pesar de ter caducado no tempo os prazos de licencia que permitiron a súa construción, non teñen recibido a comunicación oficial do concello de caducidade da mesma, e extinguindo eses prazos. Probablemente polo medo a asumir unha futura demolición que resulta moi confusa e complexa, especialmente se ten que ser finalmente asumida de modo subsidiario polo propio concello.

Por outro, o descoñecemento sobre a quen notificar as advertencias legais o sancións ás que haxa lugar bloquean a solución en infinidade de casos ao perderse o fío da propiedade en medio de sociedades compartidas, firmas quebradas e bancos con armazóns complexos.

A Sareb foi a entidade que se ten feito cargo de moitas destas edificacións embargadas e propiedade dos bancos rescatados.

A Xunta de Galicia, pon a disposición dos concellos dúas ferramentas para axudar a desenmarañar esta situación destes esqueletos edificatorios. Por un lado a Lei do solo do 2016 contempla no seu artigo 135, do deber de uso, conservación e rehabilitación, especificamente fala de que “o deber de edificar inclúe o deber dos propietarios de rematar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza “.

E por outro lado no artigo 136, establece que:

1. Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera persoa interesada, mediante o correspondente expediente e logo da audiencia



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen as persoas propietarias de bens inmobles a:

- a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.
- b) Realizar as actuacións necesarias para adaptar as edificacións e construcións ao contorno, segundo o establecido no artigo 91 desta lei.

Incluso faculta aos concellos para que apliquen multas coercitivas en caso de negativa por parte da persoa propietaria:

4. En caso de incumprimento da orde de execución, a Administración municipal procederá á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1 000 a 10 000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75 % do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do chan.

Estes artigos non se están a empregar na práctica, e especialmente no caso de grandes edificacións. E principalmente porque quen legisla, a Xunta de Galicia, non é quen aplica a lei, os concellos.

A lei continúa a falar do rexistro de solares, artigo 137, da venda forzosa, artigo 138 e no artigo 140 fala da actuación directa ou a través dunha sociedade urbanística.

Todas estas medidas que a lei dispón como ferramentas para os concellos son accións que necesitan dunha forte vontade política e por suposto contar cuns recursos técnicos e administrativos importantes.

Temos concellos onde falta esa vontade política, outros nos que carecen de medios tendo vontade máis que suficiente, en definitiva, a lei non se está a aplicar, e o problema estase a acrecentar e complicar cada ano que pasa, tendo ademais, unha peor solución co paso do tempo.



Por outro lado, a Xunta de Galicia conta coa axuda da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) que se ofrece a aqueles concellos que queiran a exercer as competencias de vixilancia e control de legalidade urbanística, pero con competencias moi limitadas. A día de hoxe son apenas 60 os concellos que colaboran coa APLU.

A Xunta de Galicia si que ten sociedade urbanística a que fai referencia o artigo 140, Xestur pertencente ao IGVS, figura que salvo nas cidades non existe na maioría dos concellos galegos.

A incapacidade legal e normativa, e por outro lado a ineficacia e inoperancia dos mecanismos de control e vixilancia tanto das administracións locais e autonómicas levan a que exista unha sensación xeral de conformidade e de incapacidade que entendemos hai que afrontar.

Porque construír conforme a unha licenza é algo máis que un dereito, é un deber e unha responsabilidade adquirida, un feito que transcende o particular. A imaxe urbana nos afecta a todos, e atentar contra ela, e as consecuencias que conleva o seu abandono, debería estar debidamente controlado e sancionado.

Concellos como o de Carral, Barreiros, Narón, Valdoviño, Monforte, saben ben deste problema, e coma estes moitos outros en toda Galicia. E especialmente preocupante son os casos que afectan ás vivendas plurifamiliares.



Grupo Parlamentario

Todas estas razóns levan a que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presente a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar unha serie de medidas que contribúan a solucionar o problema das construcións inacabadas de Galicia:

1. Impulsar e presentar nesta Cámara, no prazo de 3 meses, a redacción dun **informe de edificacións inacabadas de toda Galicia**, distinguíndoas por concellos, polo seu carácter unifamiliar ou plurifamiliar, polo estado de vixencia ou caducidade das licenzas de construción (data de concesión, prazos previstos, prórrogas outorgadas), pola identificación dos seus promotores ou propietarios actuais (Sareb, outras entidades financeiras, grandes propietarios de vivendas, descoñecidos ou ilocalizables, ...), polas sancións aplicadas no seu caso, motivos da paralización, polo estado actual, indicando as unidades ou partidas pendentes de executar e o seu importe, así como pola adecuación da obra prevista ao planeamento vixente.
2. En función de dito informe xerar un **mapa galego de vivendas inacabadas** que permita ler de forma global a magnitude do problema e marcar unha serie de pautas de actuación e priorización das mesmas.
3. Demandar da Sareb e dos grandes propietarios e propietarias de vivenda, naqueles concellos nos que posúan vivendas, independentemente do seu tamaño, que execute á finalización das obras, e nos que exista a constatación de persoas inscritas no rexistro de demandantes de vivendas protexida, impulsar as medidas necesarias para posibilitar a súa posta a disposición para dar servicio a eses demandantes, xa sexa para alugueiro ou en propiedade.
4. Priorizar e fomentar o uso do Fondo de Cooperación dispoñible naqueles concellos que aposten polo restablecemento da legalidade urbanística en casos de edificacións inacabadas con licencias caducadas, colaborando a sufragar os gastos que isto conleve.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5. En colaboración cos concellos, desenvolver mecanismos de control que favorezan a activación e finalización das obras, especialmente as pertencentes á Sareb e grandes propietarios, desenrolando para tal fin unha normativa que sexa máis clara e lexible, actuando en todo momento baixo o criterio do interese común, que primará a finalización sobre a demolición, especialmente nos casos nos que a normativa e cambios no planeamento non impidan a súa finalización conforme á licenza outorgada no seu día.
6. Realizar un informe anual sobre o estado do Mapa de vivendas inacabadas, as accións acometidas e análise da efectividade das medidas adoptadas.
7. Impulsar o papel da APLU ca posta en marcha dun servizo dependente da mesma que co persoal e recursos suficientes, colabore cos concellos na vixilancia e control de todas as edificacións inacabadas de Galicia.
8. Coordinar as súas actuacións coa Fegamp co fin de aplicar a lexislación urbanística de xeito eficaz, colaborando cos concellos dende o punto de vista técnico, legal e administrativo

Pazo do Parlamento, 19 de marzo de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 20/03/2018 11:29:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2018 12:22
Nº Rexistro: 28208
Data envío: 20/03/2018 12:22:34.201



 [Grupo Parlamentario](#)

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/03/2018 11:29:20

Raúl Fernández Fernández na data 20/03/2018 11:29:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/03/2018 11:29:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/03/2018 11:29:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 03.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.5 28429(10/PNC-002239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a entrega polo Goberno galego ao Concello de Carnota das obras da rede de saneamento no lugar do Pindo, así como a axilización do proxecto para a dotación desa infraestrutura ao lugar de Lariño

Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 13:39
Nº Rexistro: 28429
Data envío: 23/03/2018 13:39:31.116

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa aos problemas de contaminación e cheiros que afectan á localidade do Pindo, en Carnota.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai décadas o lugar do Pindo, no Concello de Carnota, sofre un problema moi grave de contaminación de augas fecais procedentes de domicilios particulares na cabeceira da praia de san Pedro, a central e máis grande da localidade, que causa todo o ano unha situación grave de contaminación e cheiros que se extrema nos meses de calor.

En 2005 redáctase un proxecto para a mellora da Rede de Saneamento do Concello de Carnota, entre a EDAR de Panchés (Carnota) o lugar do Ézaro (Dumbría). Así mesmo comézase a redacción doutro proxecto similar para o lugar de Lariño.

A obra non puido ser máis rocambolesca, e estivo continuamente envolta en problemas, coma a creba da empresa contratista OCA e os retrasos continuados na execución da obra. Así chegamos á situación de que en marzo de 2018, 13 anos despois da elaboración do proxecto e 6 despois da data prevista para o remate das obras, estas seguen sen terse sequera entregado ao Concello de Carnota para que poida comezar a enganchar os domicilios particulares e os puntos de vertido problemáticos, perpetuando un problema que non hai outra forma de resolver que enganchar os vertidos á rede.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 13:39
Nº Rexistro: 28429

Data envío: 23/03/2018 13:39:31.116

O actual goberno do Concello de Carnota de Ramón Noceda Caamaño ten feito nos últimos anos numerosas xestións e chamadas de atención sobre esta situación, incluíndo unha visita presencial do propio alcalde en compañía de representantes veciñais ao director de Augas de Galiza, Roberto Rodríguez. Así mesmo téñense desenvolvido xa mobilizacións secundadas polo conxunto da poboación, para esixir que se remate dunha vez co problema.

Consecuencia de ditas xestións municipais e mobilizacións veciñais, desde Augas de Galiza tense anunciado a inminente entrega das obras. Porén, pasan os meses e isto segue sen producirse, un incumprimento grave e absolutamente inxustificable e nos fai temer que coa chegada dos meses de calor deste ano O Pindo volverá ser vítima do problema endémico de cheiros e da contaminación na súa principal praia, que causan prexuízos graves á veciñanza e precisamente nos meses de maior afluencia turística, co que se se perxudica tamén gravemente aos establecementos hostaleiros.

Ademais sospeitamos que polo tempo de retraso que leva a obra esta xa poida ter sufrido importantes desperfectos e infiltracións de auga mariña, o que pode complicar e dilatar aínda máis a solución ao problema.

Polo tanto, de conformidade co anterior, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presenta as seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego, Consellería de Medio Ambiente e a Augas de Galiza a:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 13:39
Nº Rexistro: 28429

Data envío: 23/03/2018 13:39:31.116

- entregar de inmediato ao Concello de Carnota as obras da rede de saneamento no lugar do Pindo (Carnota), e feitas as reparacións oportunas no caso de que os anos de retraso provocaran desperfectos e infiltracións de augas mariñas na infraestrutura.

- a axilizar o proxecto para a dotación da rede de saneamento no lugar de Lariño (Carnota).”

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/03/2018 13:37:15

María Montserrat Prado Cores na data 23/03/2018 13:37:19



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 13:39
Nº Rexistro: 28429

Data envío: 23/03/2018 13:39:31.116

Ana Pontón Mondelo na data 23/03/2018 13:37:20

Olalla Rodil Fernández na data 23/03/2018 13:37:22

Noa Presas Bergantiños na data 23/03/2018 13:37:23

Xosé Luis Bará Torres na data 23/03/2018 13:37:24

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 03.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.6 29450(10/PNC-002342)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 6 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central en relación coa eliminación con carácter prioritario polo Adif dos pasos a nivel que contén cun maior tránsito de persoas e vehículos, nomeadamente na cidade de Monforte de Lemos, así como o reforzo, namentres, dos seus sistemas de seguridade para garantir un tránsito viario, ferroviario e peonil seguro

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 17:15
Nº Rexistro: 29450
Data envío: 16/04/2018 17:15:31.063

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de Motivos

A existencia de cruces de estradas coas vías de ferrocarril é un feito consecuencia do desenvolvemento das cidades e dos pobos no contorno das vías férreas.

O número de pasos a nivel existentes hai 40 anos foron reducíndose de modo notable, ademais de ir implantándose medidas de seguridade naqueles que seguen en servizo, especialmente, nos últimos anos.

Aínda así, son moitos os pasos a nivel que permanecen en servizo, sendo necesario seguir eliminándoos, non só para gañar en tempos de viaxe e comodidade, sobre todo, para mellorar a seguridade dos cidadáns.

Monforte é unha das localidades que conta cun importante número de pasos a nivel, -8 concretamente- nos cerca de 6 km de vías que percorren o Concello. 6 deses pasos atópanse na propia trama urbana.

A cidade conta cun longo historial de accidentes e vidas truncadas ao longo dos anos nos seus pasos a nivel. Os episodios máis recentes, producíronse o pasado mes de decembro, no que unha muller perdeu a vida no paso a nivel da Florida, e a principios deste mes de abril, no que outro accidente, nese mesmo paso, case lle custa a vida a outro veciño do barrio.

O Adif ten anunciado a súa intención de suprimir nos próximos anos, 30 pasos a nivel na liña entre Monforte e Lugo e seis na liña entre Monforte e Ourense. Cinco deses pasos a nivel sitúanse na propia cidade de Monforte.

Segundo ten informado o Adif, está en marcha a contratación dos proxectos técnicos, que se teñen dividido en nove lotes, organizados con criterios de "proximidade e complexidade na solución".

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 17:15
Nº Rexistro: 29450**
Data envío: 16/04/2018 17:15:31.063

Atendendo aos accidentes producidos na cidade de Monforte, nos últimos meses, creemos que é necesario priorizar a supresión dos pasos, con arranxo aos riscos que representan para a seguridade dos cidadáns.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno do Estado que o Adif priorice a eliminación dos pasos a nivel que contén cun maior tránsito de vehículos e persoas, nomeadamente na cidade de Monforte, no conxunto dos que se ten previsto eliminar nos próximos anos.

E a que en tanto estes pasos non sexan eliminados, se reforcen os sistemas de seguridade de que están dotados, especialmente naqueles que contan cun maior tránsito de vehículos e persoas -como é o paso a nivel da Florida-, a fin de garantir a seguridade do tránsito viario, ferroviario e mesmo peonil”.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/04/2018 17:10:55

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/04/2018 17:11:08

Martín Fernández Prado na data 16/04/2018 17:11:16

Jaime Castiñeira Broz na data 16/04/2018 17:11:28

Jacobo Moreira Ferro na data 16/04/2018 17:11:34

Marta Novoa Iglesias na data 16/04/2018 17:12:03

Gonzalo Trenor López na data 16/04/2018 17:12:11

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 17:15
Nº Rexistro: 29450
Data envío: 16/04/2018 17:15:31.063

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/04/2018 17:12:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 03.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.7 29652(10/PNC-002364)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convenios asinados coas comunidades de montes de Vilaboa, San Xulián e Santo Tomé referidos ao desenvolvemento dun plan anual de actuación, así como co estado de abandono no que se atopa o parque forestal de Castiñeiras

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 11:31
Nº Rexistro: 29652
Data envío: 19/04/2018 11:31:26.258

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque forestal de Castiñeiras, situado en terreos das comunidades de Montes de Vilaboa, Santa Cristina de Cobres e Xan Xulián de Marín, está a experimentar un grave deterioro e abandono ao longo dos últimos anos.

Segundo denunciou a directiva da comunidade de montes de Vilaboa a Xunta de Galiza está a incumprir o convenio asinado no 2001, con 30 anos de vixencia, que obriga á administración autonómica a desenvolver un plan anual de actuación nas máis de 20 hectáreas conveniadas. Esta situación foi comunicada pola comunidade de montes en repetidas ocasións, sen que haxa ningunha resposta por parte da consellaría de medio ambiente.

O estado de deterioro do parque é evidente e vai cada vez a máis, o que está a causar tamén as queixas das persoas que se achegar ao lugar. As principais mostras de abandono son as seguintes:

a) Falta de coidado e de tratamento do xardín botánico e das zonas arboradas. Non se fan podas, nin tratamentos silvícolas nin retirada de árbores danadas ou secas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 11:31
Nº Rexistro: 29652
Data envío: 19/04/2018 11:31:26.258

b) A lagoa artificial, o elemento máis emblemático do parque, está practicamente seca. Non se fixeron traballos de mantemento nin se repararon as fendas do muro.

c) O valado de madeira que rodea a área do parque está deteriorado e en moitas zonas está derrubado no chan ou non existe.

d) Unha senda de terra que se arranxou o ano pasado ten varios puntos en mal estado pola acción das chuvias e as escorrentías.

e) O mobiliario está deteriorado e en mal estado.

f) Os baños precisan mellorar o mantemento e limpeza

g) As zonas dedicadas a mesas e asadoiros están en moitas partes invadidas pola maleza e case non se ven.

h) Deficiente sinalización tanto nos accesos como no propio parque.

Por outra parte, nos terreos do parque existe unha importante área arqueolóxica formada por un conxunto de mámoas que precisa tamén de mantemento, limpeza e promoción.

Esta situación de deterioro, declive e abandono vaise ver acrecentada polo traslado ao concello de Cotobade do Centro de Recuperación de Aves que ata agora estaba ubicado no parque de Castiñeiras, en terreos do concello de Marín.

O pasado 10 de febreiro do ano 2018, a Xunta informou a través dunha resposta parlamentaria ao BNG que levaba investido máis de 300.000 euros no parque e na súa contorna desde o ano 2009. Esta información contrasta cos datos de que dispoñen as comunidades de montes de Vilaboa, San Xulián y San Tomé.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 11:31
Nº Rexistro: 29652
Data envío: 19/04/2018 11:31:26.258

Por todo isto, O Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta a

1. Cumprir os convenios asinados coas comunidades de montes de Vilaboa, San Xulián e San Tomé, que obriga ao Goberno galego a desenvolver un plan anual de actuación.

2. Aprobar no ano 2018 un Plan plurianual de mellora e promoción dos valores ambientais, paisaxísticos, culturais, educativos e sociais do parque de Castiñeiras co obxecto de que recupere o bo estado que o converteu nun importante foco de atracción de visitantes no pasado.

3. Este plan será elaborado coa participación das comunidades de montes e dos concellos de Marín e Vilaboa, e contará con partidas económicas detalladas por anos para as distintas liñas de actuación.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 11:31
Nº Rexistro: 29652
Data envío: 19/04/2018 11:31:26.258

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 11:30:44

María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 11:30:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 11:30:52

Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 11:30:53

Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 11:30:54

Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 11:31:00